

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O trasno cazoleiro do Cicaión

No Cicaión, en Quende, Abadín (Lugo) a miña avoa atopou un año. Colleuno ó lombo e levouno para a casa pero no camiño mexou por ela. Cando chegou deixouno entre as ovellas e, falando, dixo:

-Ai, Jesús mío, ¿de quen será este año?

Ó dicir esto o año desapareceu.

Era o trasno. Chamábanlle o trasno cazoleiro porque se metía onde tiñan as cazolas e rompíalles os pratos; rompíalles todo.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de RODOLFO CABALLERO, A Xesta, Quende, Abadín (Lugo). 21 de xaneiro de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», Croa, nº 8, 1998, pp. 42-63.